

# Alfredo Saralegui

Dende moi xoven, e dende súa posición de fillo de familia acomodada, Alfredo Saralegui Casellas (O Ferrol, 1883-Madrid, 1961) demostrou tanto unha especial preocupación social polos máis desvalidos, como unhas extraordinarias dotes para o fomento do asociacionismo.



Con apenas trece anos fundou na súa cidade natal una asociación denominada *La Caridad*, cuxa finalidade última era proporcionar alimentos e medicinas a inválidos. En 1898 ingresou na Escola Naval, de onde saliu en 1904 como alférez de navío.

En 1910, estando destinado na Axudantía de Mariña de Benidorm, organizou una Cooperativa Obreira de Pescadores.

Entre 1911 e 1913, frustrado seu pretendido cambio de destino a Madrid, pasou polas axudantías de Lequeitio e de

Bermeo e pola Comandancia de Mariña de Bilbao. Alí, no País Vasco, viviu moi de cerca os estragos ocasionados pola galerna do 12 de agosto de 1912, o que o parecer espoleoulle para reincidir con maior convicción nas súas ideas reformistas. Proba delo foron os artigos periodísticos que, baixo distintos pseudónimos, mandou a diferentes publicacións da prensa vizcaína, e de onde saiu o proxecto de bases para unha Asociación Protectora do Pescador con diferentes seccións: de suministros, a modo de cooperativa de consumo; de instrución, encargada de fomentar centros de ensinanza específicos; de beneficencia, para o reparto de socorros e axudas ante situacións de paro forzoso ou enfermidade; de crédito, pensando na creación de montes de piedade, caixas de aforros e caixas de seguros por parte das sociedades de pescadores; e de pensións, destinada a dirixir o Montepío do Pescador, establecendo pensións en relación con accidentes de traballo, invalidez, xubilación, orfandade o viudedade. E xa no ano 1914, despois de solicitar e ser concedido no cambio de destino á Comandancia de Mariña de Almería, continuou traballando nesa línea e, no 1915 e asimismo en Almería, redactou o primeiro proxecto das asociaciónes por él denominadas pósitos de pescadores.

Foi no 1925, durante a Dictadura de Primo de Rivera, cando Alfredo Saralegui co principal apoio do Ministerio de Mariña, crearía novos pósitos e reforzaría os existentes coa finalidade de dotar de seguros sociais aos armadores e mariñeiros, acceder á

compra de novas artes e barcos, implicalos na explotación directa dos recursos de pesca e mellorar o seu nivel cultural a través da creación de escolas.

A comezos de agosto de 1931 Saralegui visitou Cangas onde recibiu unha homenaxe obsequiada polos pósitos da zona, ostentando a presidencia dun xantar no Hotel Primavera, despois do cal se debaterían cuestións sobre a marcha dos pósitos.

No ano 1933, o 19 de marzo, con motivo da inauguración da Escola de Pesca, procedeuse por parte das autoridades á colocación dunha placa na antiga rúa do Muelle, que mudaría o seu nome ao serlle adicada a Alfredo Saralegui.

